

descubre Vimianzo



PROGRAMA DE ANDAINAS 2024

Recunchos de verán

Os Segredos do Val de Vimianzo	18 de maio	14Km - Circular
Ruta do Mel	8 de xuño	9Km - Circular
Polas terras de Carantoña	29 de xuño	11Km - Circular

Recunchos de outono

Os Penedos de Pasarela e Traba	22 de setembro	8Km - Circular
O Vieiro Fidalgo	5 de outubro	9Km - Circular
A Vía Mariana	26 de outubro	13Km - Lineal



NORMAS E RECOMENDACIÓN

Normas xerais

- Todas as andainas programadas son circulares, con saída e chegada no mesmo punto.
- Os participantes deberán trasladarse ao punto de inicio da andaina polos seus propios medios.
- No caso de participación de menores de idade, éstes deben ir acompañados dun adulto e con autorización paterna ou materna.
- Está prohibido deixar lixo ou resíduos na natureza. Cada un será responsable de levalos consigo e depositalos nunha papeleira cando a atope.
- Non se recomenda a participación de persoas que presenten algúun tipo de patoloxía para a que non estea indicado este tipo de actividade.
- Os participantes deberán obedecer as indicacións dos guías e deberán camiñar en todo momento entre o guía de apertura e o guía de peche da marcha.
- Coa finalidade de garantir a seguridade dos participantes queda totalmente prohibido camiñar fóra do percorrido marcado polos guías.

Material recomendable

- Botas de montaña ou calzado axeitado.
- Roupa axeitada para a actividade e adecuada ás condicións meteorolóxicas.
- Paraguas ou sombreiro e protección solar en función das condicións meteorolóxicas.
- Mochila con comida e bebida.
- Bastóns de sendeirismo.

Os segredos do Val de Vimianzo



Praza do
Concello

Ogas

Río Cambeda e
os seus muíños

Cambeda

Rasamonde

Cubes

Sansobre

Cruz do
Loureiro

Praza do
Concello



Data
18

Maio

Saída

9:30

Praza do concello

Distancia

14 Km

Circular

Descripción

O Val de Vimianzo agocha nos seus recunchos fabulosos segredos que imos descubrir nesta andaina.

Pasaremos por núcleos con interesantes exemplos de arquitectura popular, como casas tradicionais, conxuntos de cabazos, alvarizas... Pero tamén teremos o privilexio de visitar algúns sorprendentes petróglifos que “decoran” o noso val e que recentemente descubreu o noso veciño David Roget.

Mención a parte merecen as fermosas vistas de Vimianzo dende a Cruz do Loureiro, así coma o paseo do que poderemos gozar pola riberia do río Cambeda.

Se queres descubrir todos estes segredos non te perdas esta andaina.

A Ruta do Mel



Campo da Areosa

Rego das Borrallas

Alvariza de Fulías

Alvariza de Lucas

Rego Mourelos

Rego do Monzo

Alvariza dos Corzón das Pasantes

Campo da Areosa



Data

8

Xuño

9:30

Campo da Areosa

Distancia

9 Km

Circular

Descripción

O principal atractivo desta andaina é a visita que teremos a oportunidade de facer a máis dunha ducia de antigas alvarizas que salpican o monte Fáro de Vimianzo. Segundo o curso do rego das Borrallas, o rego Mourelos e o rego do Monzo, descubriremos multitud de alvarizas que nalgúns tempos fixeron deste monte un dos más ricos da comarca en produción de mel. Algunhas destas estruturas áinda están en uso e nelas pódense observar os enxames de abellas.

Destacan sobre as demás, polo seu tamaño, as alvarizas de Fulías, a de Lucas e, sobre todo, a de Corzón das Pasantes: unha estrutura lineal de máis de 40 cámaras que supera os 50 metros de longo. Durante o percorrido haberá degustación de produtos elaborados con mel.

Non se recomenda a participación na ruta de persoas alérxicas ás picaduras de abellas.

Polas Terras de Carantoña



Praza de Carantoña



Igrexa de Carantoña



Área recreativa de Basandín



Río Grande



Ponte do Porto



Pozo do Corvo



Praza de Carantoña



Data

29

Xuño

Saída

9:30

Praza Carantoña

Distancia

11 Km

Circular

Descripción


Nesta ocasión trátase dunha andaina inédita pola parroquia de Carantoña na que percorreremos o a beira do Río Grande dende o merendeiro de Basandín ata Ponte do Porto, para despois dirixirnos río arriba ata chegar ao espectacular Pozo do Corvo.

Tamén teremos a ocasión de visitar o exterior da igrexa de Carantoña, onde poderemos observar algúns dos escudos que lle dan nome a esta parroquia.

Os Penedos de Pasarela e Traba



Escola de
Pasarela



Zona da
Cachucha



Zona da
Forcada

Escola de
Pasarela



Data

22

Setembro

Saída

9:30

Escola de Pasarela

Distancia

8 Km

Circular

Descripción

Que se podería decir dos Penedos que non se dixeran xa?

Se precisas que te convenzamos poderíamos dicirche que nesta andaina imos contemplar un dos lugares más icónicos do noso municipio e único no mundo: Os Penedos de Pasarela e Traba.

Unha Paisaxe Protexida na que poderás ver verdadeiras “obras de arte” esculpidas polo paso do tempo e as forzas da natureza.

Se queres ver a Águia, o Cantor, o Coello e o Paiaso Triste, a Esfinxe, ou a Osa, entre outras, non deberías perderte esta xornada.

Sen dúbida, moito más que pedras.

Vieiro Fidalgo



Igrexa de Berdoias

Petróglifos do Pedrouzo

Dolmen da Casota de Freáns

Berdoias

Vao Pedroso

Carballeira de San Roque

Petróglifos de Boallo

Pazo de Boallo

Igrexa de Berdoias



Data

5

Outubro

Saída

9:30

Igrexa de Berdoias

Distancia

9 Km

Circular

Descripción

Andaina sinalizada polo concello que conecta os lugares de Berdoias e Boallo.

Durante o percorrido teremos ocasión de contemplar o interesante patrimonio histórico, etnográfico e arqueolóxico do lugar de Berdoias.

Deixando atrás o lugar, visitaremos o dolmen da Casota de Freans e os petróglifos do Pedrouzo. Posteriormente teremos oportunidade de camiñar por uns fermosos sendeiros rodeados por carballeiras para chegar aos petróglifos de Boallo, antes de visitar o seu pazo e a súa capela. Despois dirxirémonos cara a carballeira de San Roque para volver sobre as nosas pegadas ao punto de inicio da andaina.

Vía Mariana

24
Recuncho
Programa de andainas



Data

24

Setembro

Saída

9:30

Saída en bus da
Igrexa de Berdoias

Distancia

15 Km

Lineal

Descripción

Nesta ocasión a andaina proposta descorre polas terras de Vimianzo entre o Orbelloido e Berdoias, co obxecto de dar a coñecer esta ruta que se inicia na cidade de Braga (Portugal) e remata na localidade galega de Muxía e que pretende recuperar antigos camiños históricos polos territorios do interior de Galicia e norte de Portugal, pasando polos principais santuarios de culto relixioso. Concretamente, o tramo de Vía Mariana que vai dende o Orbelloido a Berdoias ten unha distancia de case 15 km, dos que o 50% descorren por camiños e o outro 50% por pistas asfaltadas de escaso tráfico.